



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

B A N D O

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

**Dona MARIA LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA
DO CONCELLO DE MORAÑA.**

FAI SABER: Que a Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia) convocou as seguintes axudas para o ano 2012.

AXUDAS PARA O FOMENTO DA SILVICULTURA

- + BENEFICIARIOS: Comunidades de *montes veciñais en man común*, propietarios particulares, etc.
- + ACTUACIÓNS FORESTAIS SUBVENCIONABLES:
 - Rareos en masas de coníferas (pino) con diámetro normal medio de masa inferior a 12 cm.
 - Rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas (pino).
 - Tratamentos silvícolas en masas de frondosas, caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio da masa comprendido entre os 10 e os 20 cm.
 - Rexeneración e/ou mellora de sotos de castiñeiros cunha densidade mínima de 100 pés/ha.
 - Tratamentos silvícolas en masas de eucaliptos có obxectivo de obter madeira de calidade para serra ou chapa, en quenda de 25 anos.
- + IMPORTES DAS AXUDAS: A intensidade da axuda será como máximo do 50%, calculándose a axuda sobre o custo real do investimento determinado no correspondente proxecto técnico.
- + PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes remata o **6 de febreiro de 2012**.

AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DO LOBO AO GANDO

- + BENEFICIARIOS: Gandeiros con explotacións das especies ovina, vacúa, cabrúa e de porco celta, que teñan o gando identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto e que acrediten a súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- + ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Adquisición de pastores eléctricos e cans mastíns, o emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada.
- + IMPORTES DAS AXUDAS: As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición das actuacións obxecto de axuda (non será subvencionable o IVE, o transporte de materiais, nin man de obra para a instalación e mantemento dos pastores eléctricos e todos aqueles que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia como non subvencionables)
- + PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes remata o **28 de xaneiro de 2012**.

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO: Concello de Moraña (986 55 30 05)

Moraña, 10 de xaneiro de 2012

A ALCALDESA

MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS

